




Laboratorio
Cidadán
A Coruña





Introdución:
Laboratorios cidadáns.

O Concello da Coruña, a través da Concellería de Participación e Innovación Democrática quere poñer en marcha un Laboratorio Ciudadán, é dicir un proxecto que busca transformar a realidade social a través de procesos de innovación co fin de acadar unha sociedade máis igualitaria e unha cidade máis xusta con todas as persoas que a conforman.

Na actualidade, unha parte significativa da creación de valor que acompaña o desenvolvemento social, cultural e económico dos nosos países, cidades e comunidades provén de iniciativas innovadoras da propia cidadanía, en boa medida apoiadas polo traballo en rede que facilitan os medios dixitais.

Os laboratorios cidadáns son proxectos de innovación social que están funcionando en diferentes cidades do mundo dende hai anos. A Coruña quere desenvolver un contexto para a innovación social na cidade, empregando como punto de referencia estes laboratorios que xa existen en diferentes partes do mundo pero creando un laboratorio que responda aos retos da nosa cidade, da cidadanía da Coruña e do propio Concello da Coruña.

Este documento aglutina diferentes informacións sobre o que son os laboratorios cidadáns, as características principais dos que xa existen, os programas que desenvolven, as metodoloxías baixo as que operan etc., así como as accións que dende a Concellería de Participación se van levar a cabo, con respecto a este proxecto, durante o ano 2016.

En xullo de 2013, o proxecto Cidadanía 2.0 da Secretaría Xeral Iberoamericana, xunto aos seus socios, comezou a impulsar o proceso de Innovación Cidadá (IC), entendida como a participación activa de cidadáns/ás en iniciativas innovadoras que buscan transformar a realidade social, co fin de alcanzar unha maior inclusión social. Actualmente, é habitual que estas iniciativas estean axudadas polas tecnoloxías dixitais, o que lles permite a moitos colectivos ter maior capacidade de autoorganización mediante prácticas colaborativas, traballo en rede, e transferencia de coñecemento, á vez que facilitan un mellor aproveitamento da intelixencia colectiva a nivel tanto local, como global.

No Cumio Iberoamericano realizado en Panamá en 2013, o proceso de Innovación Cidadá presentou unha carta colaborativa de propostas para o impulso da IC ás xefas e xefes de Estado e de Goberno.

Como resultado da Carta de Propostas, os 22 países iberoamericanos aprobaron un Comunicado Especial, impulsado por Panamá e México, instando a cidadanía 2.0 a iniciar unha axenda de propostas para o impulso da Innovación Cidadá a 5 anos na rexión.

Con Innovación Cidadá estamos a articular un proceso que, grazas ao traballo colaborativo e horizontal da cidadanía, gobernos, empresas, organizacións da sociedade civil e universidades, situamos o espazo iberoamericano como a primeira rexión a nivel global que aposta de forma conxunta e decidida por

Espazos para a Innovación Cidadá

impulsar a innovación dos seus cidadáns e das súas cidadás como un recurso válido para o seu desenvolvemento social, cultural e económico.

Na carta entregada ás xefas e aos xefes de Estado suxeriuse como prioritario para o desenvolvemento dunha axenda futura que cada goberno poida crear e fomentar espazos de impulso de Innovación Cidadá que, entre as súas funcións poidan estar as de difusión, promoción e apoio de iniciativas. Espazos que denominamos laboratorios cidadáns, onde se xera traballo colaborativo para o despregamento da capacidade innovadora da cidadanía.

A cidadanía actual é unha cidadanía proactiva, que articula os seus intereses en rede e demostra unha participación expandida á marxe das canles habituais. Os novos cidadáns son axentes de cambio, capaces de observar e identificar oportunidades nos problemas da súa comunidade, xerando iniciativas ou proxectos que permiten ser motor de transformación social mediante a comunicación e a participación activa da comunidade.

Polo que, impulsar desde instancias gobernamentais a creación destes laboratorios cidadáns, é un paso de crucial importancia, posto que se transforman nunha ponte entre a institucionalidade e a cidadanía, xerando confianza nas institucións que habilitan a participación cidadá, co cal se estreitan lazos entre gobernos e cidadanía. Aínda que non necesariamente deben ser impulsados desde gobernos, é importante que os gobernos si xeren as condicións para facilitar a creación de laboratorios cidadáns, así como a valoración dos seus proxectos e iniciativas.

O presente documento ten por obxectivo establecer qué son os laboratorios cidadáns, como benefician o seu país/comunidade ou cidade, e como poden implantarse e desenvolverse co fin de fomentar a IC.

A metodoloxía para a creación deste documento é colaborativa e aberta nunha ferramenta en liña, tal como o vén realizando o proceso de IC coas achegas do equipo de traballo e da cidadanía en xeral.

Que son os laboratorios cidadáns?

Os laboratorios cidadáns son espazos nos que persoas con distintos coñecementos e diferentes graos de especialización se reúnen para desenvolver proxectos xuntos. Espazos que exploran as formas de experimentación e aprendizaxe colaborativa que xurdiron das redes dixitais para impulsar procesos de innovación cidadá. Desde a perspectiva do proceso de IC, estes proxectos traballados e xerados en laboratorios cidadáns teñen a característica de buscar unha transformación social, que contribúa ao desenvolvemento cultural, social e económico dos nosos países e cidades.

Os laboratorios cidadáns son novos contextos de produción abertos e colaborativos, que teñen a característica de ser efectivamente accesibles e inclusivos

ampliando ademais da cantidade, a diversidade das persoas usuarias que participan nas súas actividades.

Nos últimos anos xurdiron diferentes formas de laboratorios cidadáns: medialabs, citilabs, hacklabs, maker spaces, living labs etc., que se inspiran e aproveitan as posibilidades que ofrecen as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), en especial Internet, para xerar espazos de encontro e de experimentación colectiva.

A diferenza das institucións públicas que herdamos, como o museo, a biblioteca ou o centro cultural, os novos laboratorios cidadáns non teñen como función principal dar acceso e difundir iniciativas, senón que se centran en ofrecer plataformas que facilitan a participación das persoas usuarias nos procesos de experimentación e desenvolvemento de proxectos. É dicir, os laboratorios cidadáns son espazos onde a cidadanía se involucra en procesos de innovación aberta.

Tamén se diferencian dos laboratorios e os centros de investigación oficiais, xa que non son lugares de uso exclusivo para os expertos, senón espazos abertos á participación de calquera cidadán/á. E a diferenza das universidades e doutros centros educativos, non teñen unha orientación disciplinar senón que teñen como obxectivo reunir a persoas con distintos saberes e nos que a aprendizaxe pode darse ao longo de toda a vida.

Referentes internacionais

Os laboratorios cidadáns son herdeiros de tradicións moi diversas como as bibliotecas públicas, museos, arquivos públicos, ateneos, centros cívicos, centros culturais, tech shops, escolas, universidades, centros sociais autoorganizados, science shops, hortos urbanos e todos aqueles proxectos que pretenderon facer do coñecemento un asunto colectivo, e da aprendizaxe algo compartido.

Nos últimos anos, coincidindo co desenvolvemento das novas tecnoloxías, exploráronse novos modelos que amplían as posibilidades que ofrecían as institucións que herdamos. Así, xorden no ámbito anglosaxón pero rapidamente esténdense por todo o mundo mantendo a súa denominación en inglés; os hubs e novos espazos de co-working, maker spaces, living labs, espazos hacker ou hacklabs, medialabs etc.

Aínda que, actualmente, existen moitas experiencias, hai algúns casos que sobresaen para os efectos de referencia para o presente documento. Desta forma, atopamos o caso do Instituto de Tecnoloxía de Massachusetts (MIT), que en 1985 desenvolveu o primeiro laboratorio cidadán denominado MIT Media Lab, un espazo con forte énfase na xeración de solucións innovadoras á mellora da experiencia humana a través da tecnoloxía, e que se converteu nunha referencia para futuras experiencias.

Os beneficios de impulsar laboratorios cidadáns

Noutra orde, atopamos o MindLab en Dinamarca, que é un laboratorio que se constitúe como unha unidade intergubernamental de innovación que involucra a cidadanía e empresas no desenvolvemento de novas solucións para o sector público, incluíndo políticas públicas.

Pola súa banda, en Iberoamérica, atopamos o MedialabPrado en Madrid (España), que se caracteriza por ser un laboratorio cidadán de produción, investigación e difusión de proxectos culturais que explora as novas formas de experimentación e aprendizaxe colaborativa que xurdiron das redes dixitais. Algúns exemplos na nosa rexión serían o ZapopanLab en México, La Colaboradora en Zaragoza (España), Socialab en Chile, Nuvem en Brasil ou Citilab e BarcelonaLab en Barcelona (España), entre outros.

Os laboratorios cidadáns tratan de dar resposta a dous dos grandes retos do noso tempo. Un deles é o de acurtar a distancia entre as persoas e as institucións, ao crear un modelo de institución próximo e aberto do que as súas comunidades de persoas usuarias se senten parte, é dicir, participación cidadá. O outro é o de conectar distintos ámbitos de coñecemento, ao ofrecer unha contorna facilitadora de vínculos entre mundos diversos: artístico, científico e tecnolóxico, profesional e amateur, académico, social e activista.

Como resultado disto, os laboratorios cidadáns xeran os seguintes beneficios:

1. As persoas poden desenvolver as súas capacidades en proxectos que benefician o ben común e achegan á inclusión social.
2. Dan resposta á necesidade da comunicación cara a cara, dado que as redes dixitais non poden suplir a potencia do trato directo.
3. Permiten explorar no espazo físico das cidades as novas formas de acción colectiva que están a emerxer na rede.
4. Fan visible a idea de que as cidades as constrúen as persoas.
5. Acurtan a distancia entre as persoas e as institucións, tendo como un dos seus principais obxectivos que a cidadanía poida implicarse no deseño de políticas públicas.
6. As empresas pasan a ter un espazo para aprender e compartir o seu coñecemento, xa que cada vez máis enténdense como sistemas abertos que deben incluír no seu desenvolvemento as súas comunidades de clientes, persoas usuarias e afectadas.
7. Son un espazo idóneo para o emprendemento, xa que son incubadoras de proxectos e de comunidades.
8. Un espazo onde as universidades e os centros educativos poidan intercambiar coñecemento, ser máis permeables aos problemas da cidadanía e incorporar saberes non expertos.

9. Experimentar novos modelos de aprendizaxe e produción de coñecemento.
10. Provéen un espazo participativo e aberto para proxectos que teñan como obxectivo desenvolver estratexias de resolución de problemáticas sociais e culturais, que poden pasar a formar parte de políticas públicas.

En todos os casos, as producións e os resultados de proxectos en laboratorios cidadáns teñen como característica a de realizar achegas innovadoras que benefician social, cultural ou economicamente as súas comunidades, e en última instancia o país. Pola súa banda, os medios dixitais permiten pór en evidencia estas experiencias, xerando boas prácticas e redes de intercambio entre elas e, polo tanto, beneficiando a outras comunidades.

Como funcionan os laboratorios cidadáns?

Os programas e as actividades dos laboratorios xeralmente estrutúranse arredor de liñas de traballo que procuran brindar solucións novas a situacións de interese para a comunidade/colectivo/cidade/país. Adoitan xirar arredor da ciencia cidadá, a cultura do prototipado, a arte e as novas tecnoloxías, os hortos urbanos, a cultura do faino ti mesmo e faino con outros, as comunidades de aprendizaxe e, en suma, brindar solucións novas a problemas cidadáns a partir da colaboración entre persoas de diferentes coñecementos e experiencias.

Habitualmente, o espazo organízase en estacións de traballo, lugares de produción, investigación e exhibición que se corresponderán coas diferentes áreas das temáticas que se traballan. Nestas estacións de traballo cidadáns con diversas formacións e experiencias desenvolven proxectos, sempre abertos ás achegas doutros colaboradores.

As persoas que se reúnen para colaborar teñen diferentes perfís: son artistas, deseñadoras, enxeñeiras, arquitectas, físicos, administradores públicos, biólogos, sociólogos, educadoras, economistas, activistas sociais, estudantes etc. Esta mestura de saberes permite que se desenvolvan proxectos que tratan temas tan diversos como a fabricación dixital 3D, a visualización de datos, a electrónica e a programación creativa, a moda e o deseño téxtil, xogos experimentais, hortos urbanos, transformacións da contorna urbana, propostas para melloras do sector público etc.

Nalgúns proxectos, o artístico aparece con maior intensidade, noutros predomina o tecnolóxico ou o científico; uns teñen un carácter educativo e outros máis social; pero todos eles caracterízanse por incluír e requirir distintos saberes no seu desenvolvemento.

O espazo do laboratorio está atendido por persoas mediadoras que reciben as persoas que o visitan por primeira vez e atenden as necesidades das persoas usuarias habituais. Trátase dunha operación de acollida, escoita e conexión. É a práctica da hospitalidade que permite que calquera se sinta convidado a tomar parte do que ocorre no laboratorio. Informan das actividades e dos proxectos que

están en marcha, e escoitan as expectativas e intereses das persoas visitantes, para poñelas en contacto con aqueles proxectos que poidan ser do seu interese.

Cada grupo de traballo configura, á súa vez, un experimento de convivencia e de autoorganización no seu plan de desenvolvemento e na maneira en que se discuten, que se incorporan e acreditan as contribucións das distintas persoas colaboradoras. O laboratorio cidadán debe xerar, polo tanto, protocolos para a participación, un modelo que permita que calquera poida incorporarse aos procesos de experimentación sen importar o seu ámbito de experiencia nin o seu grao de especialización.

Os laboratorios, ademais de ser espazos para que a cidadanía poida traballar en proxectos concretos en forma colaborativa, tamén poden estruturar a súa programación segundo o formato de actividades como poden ser talleres de produción, ou reunións de colectivos con intereses específicos que se atopan periodicamente para compartir experiencias, mostrar traballos en común e impartir coñecemento.

Algúns apuntamentos sobre metodoloxías de traballo

As tecnoloxías da información non só ofrecen ferramentas que facilitan a organización, a xestión, a documentación e a difusión de proxectos, senón que tamén xeraron unha gran variedade de prácticas como son as novas metodoloxías do encontro e prácticas de mediación, que amplían o repertorio de formas de participación.

Novas metodoloxías do encontro

Nos últimos anos xurdiron unha gran cantidade de novas maneiras de organizar encontros, actividades, debates e talleres nos que non hai un programa establecido senón que son as propias persoas participantes as que deciden activamente as actividades que os configurarán, nalgúns casos con antelación mediante a axuda de plataformas en liña como wikis e listas de correo, e noutros decidíndoo in situ no momento do encontro. Estas novas metodoloxías son coñecidas como tecnoloxías dos espazos abertos e aplícanse na organización de eventos de distinta natureza como as unconferences, BarCampsou hack meetings.

Algunhas metodoloxías configúranse como talleres que están orientados á produción de proxectos que levan a cabo as propias persoas participantes no encontro: startup weekends, game jams, open labs, hackatones etc.

Mediación

Os laboratorios cidadáns son contextos de produción abertos e colaborativos que demandan novas prácticas de mediación para facer que estes espazos sexan efectivamente accesibles e inclusivos. A hospitalidade, a escoita e a conexión entre potenciais participantes son esenciais para o bo funcionamento dos proxectos.

Algunhas características xerais dos laboratorios cidadáns

O obxectivo é reunir persoas e proxectos con distintos perfís e procedencias, áreas de coñecemento (ciencias, humanidades), niveis de especialización (expertos e principiantes), intereses (profesionais, educativos, amateur, entretemento), sectores (público, privado, sociedade civil), administracións públicas (estatal, rexional, municipal), áreas (cultura, participación, economía, medio ambiente etc.). De alí a importancia de contar no equipo do laboratorio con persoas mediadoras que axudan a interconectar persoas e proxectos.

1. Son proxectos abertos á participación de toda a cidadanía. Esta apertura tradúcese nuns formatos de traballo que ofrecen a posibilidade de diversos modos de implicación, nun programa de mediación e na publicación constante de convocatorias abertas.
2. Os laboratorios cidadáns son espazos que se constrúen a partir das achegas e da actividade das persoas usuarias. Son institucións que a cidadanía sente como propias.
3. Ofrecen unha contorna facilitadora de vínculos entre mundos diversos: artístico, científico e tecnolóxico, profesional e amateur, académico, social e activista etc.
4. Apóianse nunha rede distribuída de persoas e outras organizacións coas que colaboran, e nunha comunidade moi activa de persoas usuarias.
5. Funcionan como un caldo de cultivo para iniciativas innovadoras e creadoras de valor, desde un espazo de autonomía onde haxa marxe para o ensaio, a experimentación e a creatividade.
6. Ao entenderse como un espazo de creatividade, poden experimentarse novas prácticas que se expandan despois cara a outros ámbitos da vida na cidade. Neste sentido, pode funcionar como un laboratorio de i+d para a cidade e para o país.
7. Desde un compromiso co público, fomentan e apoian iniciativas de innovación cidadá autosostibles.
8. Son unha organización reflexiva, que incorpora a cidadanía neste proceso e que, polo tanto, aprende e evoluciona constantemente.
9. Fomentan o uso de ferramentas de hardware e software libre e de código aberto, inseridas na filosofía do libre acceso ao coñecemento e do traballo colaborativo.
10. Os recursos humanos, físicos e materiais necesarios dependerán do tipo de laboratorio que se prevea crear. Igualmente, tenden a ser espazos abertos, diáfanos e reconfigurables, entre os recursos materiais destacan unha boa conexión a internet vía wifi, un mobiliario sinxelo, con mesas e cadeiras para o traballo en grupo, e un equipo humano composto por persoas mediadoras, xestoras e cidadanía.

Actividades xerais dos laboratorios cidadáns

1. Espazo permanente de exposición, información, escoita e encontro atendido por persoas mediadoras que explican a natureza do espazo e pon en contacto a persoas con persoas, a persoas con proxectos, a proxectos con proxectos.
2. Convocatorias abertas para a presentación de propostas e a participación no desenvolvemento colaborativo de proxectos.
3. Un programa composto por talleres de produción e de formación, seminarios e debates, reunións de diferentes grupos de traballo, mostras de proxectos, conferencias e outros eventos.
4. Unha atmosfera de traballo pensada especialmente para o encontro, a cooperación e o intercambio, onde caben a vida e os afectos, o valor do informal e da proximidade.

Documentación e replicabilidade

A velocidade coa que as boas ideas se transmiten dun lugar a outro aumentou, e procesos que antes poderían durar décadas agora danse case de maneira simultánea en moitas partes do mundo, xerando un traballo global en rede que permite que os proxectos poidan adaptarse ás especificidades locais. Para iso, é importante a posta en práctica de políticas de datos e coñecemento abertos, que faciliten a circulación da información e o coñecemento a través de repositorios compartidos e do uso de licenzas libres, que permitan que os proxectos poidan ser replicados noutros lugares e modificados para a adaptación ao seu contexto local.

Sustentabilidade económica

A sustentabilidade económica dos laboratorios cidadáns dependerá da súa capacidade para formar parte de redes de colaboración con outras organizacións locais, estatais e internacionais. Para iso, considérase importante o apoio simultáneo de distintas institucións, públicas e privadas.

A colaboración co tecido empresarial pode darse non só pola vía do patrocinio convencional ou do desenvolvemento de novos produtos comerciais, senón tamén poñendo a disposición o contexto de intercambio de coñecemento e metodoloxías que ofrece o laboratorio para contribuír ao debate sobre unha nova cultura de empresa e ao desenvolvemento de novas competencias no sector empresarial, así como a ensaiar novas formas de emprendemento social, economía sustentable e empresas do procomún.

Desta forma, o Equipo de Innovación Cidadá, en conxunto cos gobernos ou institucións interesadas en impulsalos, coordinarán as súas xestións para axudar a atopar os mecanismos de financiamento que faciliten a sustentabilidade do laboratorio.

Co- Lab

9

Rede de laboratorios

Ademais do intercambio de información a través dos sitios web e de repositorios en liña existe a necesidade de realizar encontros nos que persoas usuarias e xestoras dos laboratorios cidadáns poidan atoparse e intercambiar experiencias.

Por iso, o proceso de Innovación Cidadá pode encargarse da organización dun encontro anual dedicado á interconexión de laboratorios cidadáns, sumando a presenza de administracións públicas, universidades e colectivos sociais.

